Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
LUNS, 2 DE NOVEMBRO DE 2026 | LUNES, 2 DE NOVIEMBRE DE 2026 | BOP NÚMERO 209

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

### BRIÓN

*Aprobación do padrón do prezo público polos servizos de actividades da escola de música do terceiro trimestre curso 2025/2026*

**Anuncio aprobación padrón prezo público polos servizos de actividades da escola de música terceiro trimestre curso 2025/2026**

Mediante resolución de alcaldía de data 27 de outubro de 2026 aprobouse o padrón do terceiro trimestre da escola de música curso 2025/2026.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, exporanse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario, **dende o 2 de novembro de 2026 ao 3 de xaneiro de 2027.**

Advírtese que, transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e deveñaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Brión, 27 de outubro de 2026

O alcalde

Pablo Lago Sanmartín

2026/7008